

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN CARBALLIDO DE SERVIZOS SOCIAIS (ACARSERSO), PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DO PROXECTO "ESCOLA DO MAIOR" DURANTE O EXERCICIO 2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa Asociación Carballido de Servizos Sociais o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2023. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realízase a Asociación Carballido de Servizos Sociais dende o 1 de xaneiro de 2023 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Xuventude no financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto Escola do maior durante o exercicio 2023.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, ten entre as súas funcións e competencias as relativas á atención das persoas maiores. No marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

Neste eido, correspóndelle a planificación xeral dos servizos sociais, coordinando a súa actuación coas entidades prestadoras de servizos sociais. Teñen a finalidade de atender de forma ordenada e global as necesidades, render os recursos dispoñibles e garantir a calidade na prestación de servizos.

Así mesmo, as actuacións recollidas na cláusula segunda, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas maiores, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, conforme ao art.19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato do Sector Público.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

